



A12X00906 Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior

AAV/mlc

Asunto: Remisión Resolución de modificación da xunta directiva da asociación núm. 2005/008993-1ª.

Achégolle a Resolución de inscrición de modificación de xunta directiva no Rexistro Provincial de Asociacións de Lugo da **Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde** (núm. 2005/008993-1ª), en resposta á súa solicitude que tivo entrada no Rexistro do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia de Lugo o día 22/01/2019.

Tamén lle achego a certificación solicitada en data 31/01/2019 e lle comunico que a xunta directiva de dita asociación quedou rexistrada do seguinte xeito:

PRESIDENTE:	MANUEL MUÑÍZ BESTEIRO
VICEPRESIDENTA:	MARÍA ANA ARIAS CORDERO
SECRETARIO:	ANTONIO VENTURA FIGUEROA PAZ
VICESECRETARIO:	JOSÉ YÁÑEZ BASANTA
TESOUREIRA:	MARINA SEIJAS CARBALLEDO
VOGAL:	ENRIQUE LUÍS GONZÁLEZ RIOBÓ
VOGAL:	PABLO CASTEDO LENCE
VOGAL:	ADOLFO MARÍN LÓPEZ

Lugo, 6 de febreiro de 2019

O xefe territorial



Ramón Carballo Páez

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO

SAÍDA 11818 / RX 177638

Data 07/02/2019 09:24:18



Don Manuel Muñiz Besteiro
Asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde
Carril das Flores, 34, 4º C
27003 Lugo (Lugo)



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO

Xefatura Territorial da Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo
Ronda da Muralla, 70
27071 LUGO
Teléfonos: 982 29 45 79
982 29 42 93
Fax 982 29 42 95

galicia

MANUEL MUÑIZ BESTEIRO
ASOCIACION AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE
CARRIL DAS FLORES 34, 4º C
27003 LUGO (Lugo)

Asunto: Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 22/01/2019 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por D MANUEL MUÑIZ BESTEIRO en nome e representación da **asociación AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 2005/008993-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS

Único. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 12/01/2019, na que consta a identidade dos dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTE	MANUEL MUÑIZ BESTEIRO
VICEPRESIDENTA	MARIA ANA ARIAS CORDERO
SECRETARIO	ANTONIO VENTURA FIGUEIROA PAZ
VICESECRETARIO	JOSE YAÑEZ BASANTA
TESOUREIRA	MARINA SEIJAS CARBALLEDI
VOGAL	ENRIQUE LUIS GONZALEZ RIOBO
VOGAL	PABLO CASTEDO LENCE
VOGAL	ADOLFO MARIN LOPEZ

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeira. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segunda. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceira. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarta. O xefe territorial de Lugo é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 74/2018 do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, **RESOLVO:**

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da asociación AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Lugo, 6 de febreiro de 2019

O xefe territorial

Ramón Carballo Pérez

